

Parafraseando o título dunhas das súas novelas, a de Gabriel García Márquez era una norte anunciada. Anunciada desde hai moitos anos, cando en 1999 lle foi diagnosticado un cancro linfático e decidiu que xa non tiña outra cousa a facer que tentar salvar a súa memoria. Apenas acadou una parte do seu propósito con *Vivir para contarla* (2002) e una segunda parte novelada dous anos despois: *Memoria de mis putas tristes*.

García Márquez descubriu a vocación de escribir cando, mentres estudaba Dereito en Bogotá, comezou a colaborar nos xornais *El Universal* de Cartagena de Indias e en *El Heraldo* de Barranquilla. Talvez o moveu unha capacidade innata a facerse preguntas e talvez por iso nunca lle gustou conceder entrevistas. Unha tarefa, esta do xornalismo, que o levou a ser o primeiro director de Prensa Latina, a axencia de noticias fundada co triunfo da revolución castrista e da que, ademais, foi correspondente en Nova York durante seis meses, en 1960.

Pero unha cousa é contar a realidade e outra ben distinta é inventar outra realidade máxica, ficticia e imaxinada. Unha vocación, esta de escribir, á cal non foron alleas as historias que lle contaba a súa avoa Tranquilina Iguarán ou o regalo dun dicionario que lle fixo o seu avó, o coronel Márquez, cos que se criou en Aracataca en ausencia dos seus pais que traballaban en Barranquilla.

E como non hai nada mellor que atopar un bo marco para as historias, García Márquez fabricou o seu mundo ideal en Macondo, á maneira como fixeron, entre outros, Faulkner, Benet ou Rulfo: non hai realidade máis certa que a que un inventa, de xeito que non falte de nada nela. Este Macondo de García Márquez, que xa aparecera en *Un día después de sábado* (1954), enmarca *Cien años de soledad* e *La hojarasca*.

Un mundo ideal –a Arcadia perdida– ao que chega o progreso en forma de comercio, construción, unha praga de perda colectiva da memoria, a guerra civil, o tren, o teléfono, o gramófono, o cine, a plantación de banano e con ela os traballadores e a folga, reprimidos dura-

A revolución da palabra

Breve crónica de García Márquez

JOAQUIM VENTURA



Gabriel García Márquez (1927-2014).

mente polo exército. Pero esta capacidade de contar historias non se limita –como o propio García Márquez esixía– a saber redactar, senón que precisa da dimensión creativa e para iso non hai como o dominio do idioma vivo.

E foi nesa dimensión onde García Márquez revolucionou a narrativa en castelán, prisioneira aín-

da dos esquemas realistas decimonónicos e dunha linguaxe conversacional. Impón, o colombiano, un narrador anónimo, en terceira persoa, externo e pasivo, sen capacidade nin vontade para xulgar o que sucede (extradiexético dirían os que practican a crítica cursi).

Pero, paradoxalmente, a narrativa latinoamericana que agromou nos sesenta precisou da plataforma editorial española para coller carta de universalidade. Foi aquel o chamado “boom latinoamericano” que congregou –a partir da axencia de Carme Balcells– a moitos escritores de alén mar, entre eles o propio García Márquez, o derradeiro en chegar. Anos de coincidencia con aqueles burgueses rebeldes cataláns da “gauche divine” (Castellet, Barral, os Regàs). Daqueles anos, Rosa Regàs lembraba a bata branca, como outros lembran o mono azul de mecánico de coches, que García Márquez usaba para traballar.

Non hai mundo máis certo que ese que o propio escritor inventa

Tamén daqueles anos son as diverxencias con Mario Vargas Llosa, que levaron á agresión física en México. Unhas diverxencias talvez por envexas literarias e con moita certeza por diferenzas ideolóxicas: mentres o peruano ía cara ao liberalismo e ao antimilitarismo, o colombiano aparentaba un compromiso social que acaso escondía unha pulsión a favor dos caudillos que atopou na persoa de Fidel Castro e que plasmodou en novelas como *El general en su laberinto* ou *El coronel no tiene quien le escriba*.

A crítica literaria europea simplificou a nova narrativa hispanoamericana coa etiqueta de realismo máxico. Este termo foi enxendrado polo alemán Franz Roh e aplicouno Uslar Petri á literatura que seguía o modelo de *El reino de este mundo* de Alejo Carpentier.

No seu discurso na Academia Sueca, *La soledad de América latina*, García Márquez lembrou diversos sucesos acontecidos en

Europa que saían do sentido común ou da lóxica. A clave está, sinala o tamén premio Nobel J.M. Coetzee, en que o escritor co-

sería senón un depósito de lugares comúns da América ibérica).

Dalgún xeito, poderíamos aplicar a lente da razón na ob-

Maxia e realidade

colombiano narraba historias increíbles con cara de pau e, talvez por iso, a súa narrativa sería realismo psicolóxico (a considerada maxia polos europeos non

servación da realidade. Ou alguén non acredita na verosimilitude –non na veracidade– das historias de Álvaro Cunqueiro se por un intre decide deixar no

peto o filtro da razón? Ou acaso ninguén –Galiza adiante– coñeceu algún caso que poderíamos considerar cunqueirano? Porque se os hai por esas terras de España, que non haberá na nosa? Ou visto desde a outra banda: eses males que García Márquez sitúa como a ruína de Macondo, acaso non son os mesmos que denunciaba Vicente Risco na decadencia da Auria de *O porco de pé*?